

Considerada a "Gandhi Saharauí" pola súa resistencia e loita pacífica pola autodeterminación do seu pobo e a denuncia da violenta e constante represión marroquí no Sahara Occidental, foi expulsada en avión a mañá do sábado 14 de novembro desde O Aiún cara a Lanzarote, pola forza, sen documentos nin ningunha das súas pertenzas e logo de case 24 horas de illamento e interrogatorio. Nai de dous fillos, foi galardoada, entre outros, co Premio de Dereitos Humanos Robert f. Kennedy 2008, o austríaco Silver Rose Award 2007 e, un ano antes, co Premio de Dereitos Humanos Juan María Bandrés. Foi nomeada polo Parlamento Europeo para o Premio de Dereitos Humanos Andrei Sakarov, foi candidata para o Premio Nobel da Paz e Amnistía Internacional (EE.UU.) presentou a súa candidatura para o Premio Ginetta Sagan. En 1987, con 21 anos, foi unha das 700 persoas detidas por participar nun mitin que pedía o referendo de autodeterminación. Permaneceu "desaparecida" sen cargos nin xuízo durante catro anos, torturada xunto a outras 17 mulleres saharauís. En 2005, a policía marroquí volveuna a deter e golpear tras a súa participación nunha manifestación pacífica. Foi liberada logo de 7 meses grazas á presión internacional de organizacións como Amnistía Internacional e o Parlamento Europeo. Desde entón, Aminetu Haidar percorreu o mundo para denunciar a ocupación militar marroquí e a violación sistemática de dereitos da poboación saharauí e para avogar pacificamente polo dereito do seu pobo á autodeterminación.